



Sindicato
Profesional
de Xustiza

SPJ-USO REITERA E SOLICITA PREPARACIÓN ONLINE DAS OPOSICIÓN S DE XUSTIZA

JULIO BOUZA BOUZA, en representación do **SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA-UNIÓN SINDICAL OBRERA (SPJ-USO)**, CIF G15380033, mail spjusogalicia@fep-uso.es, e domicilio, a efectos de notificacións, sito en C/ Lalín 4, Edif. Xulgados, Vigo,

EXPÓN:

1.- A **promoción e formación profesional d@s traballadores** é un alicerce fundamental para o bo funcionamento das oficinas xudiciais e para unha prestación do servizo público ao cidadán acorde coas premisas dunha Xustiza EFICAZ, RÁPIDA e PROFESIONAL.

2.- Dende que a nosa Comunidade recibiu as competencias en Xustiza, **nunca se organizaron cursos de preparación online encamiñados a preparar tanto aos actuais profesionais dos xulgados como ao persoal interino, con interese e ansia de aprobar unha oposición de Xustiza, xa sexa por promoción interna ou por queda libre; Pola contra, outras Comunidades, tomando boa nota desto, leva organizándoos dende hai máis de 10 anos, caso do territorio Ministerio**, posibilitando, desde xeito, que os traballador@s do seu ámbito teñan acceso a esta preparación, acorde á imaxe e profesionalidade que debe dar o terceiro poder do Estado.

3.- **Nos tempos de pandemia** que vivimos revelóusenos que sen **medidas de conciliación** da vida familiar, persoal e laboral estamos perdidos e que, sobre todo, é necesario que a parte institucional nos apoie e funcione.

A posibilidade de preparación online de oposicións, é unha desas medidas ao ofrecermos esa **flexibilidade** necesaria para compaxinar estudo-formación e vida familiar, sobre todo, no marco da situación de crise sanitaria actual.

Ademais, non esquezamos que o rango de idade que maiormente prepara oposicións atópase entre os 30-50 anos, con responsabilidades, fillos, traballo... e esta opción é mais que benvida pola flexibilidade que aporta este sistema de preparación.

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Geni 655455702 - Roberto 617685531 - Goretti 690377101 **SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

FERROL: MANU 678514555 **LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226

PONTEVEDRA: Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 - Sol 687939335

Email xeral para Galicia spjusogalicia@fep-uso.es

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>



Sindicato
Profesional
de Xustiza

Por esto, instámoslle a esa Dirección Xeral, que **“funcione”** para que a preparación online de oposicións sexa unha realidade tamén para os seus funcionari@s, **liberándoos desa discriminación** e empezando por poñerse en contacto co Ministerio de Xustiza a efectos de que, mediante a aplicación e implementación de mecanismos de colaboración, cooperación, coordinación ou similares entre ambas as dúas Administracións Públicas, alcancen os pactos ou convenios necesarios que posibiliten a dita formación.

Lembramos, que nas **conferencias sectoriais, de Comunidades Autónomas e Ministerio de Xustiza**, pódense consultar as formas organizativas, destes cursos que vén realizando o Ministerio.

4.- Por outra banda, a **comunidade galega ten unha plataforma online (EGAP) deseñada e funcionando**, que pode prestar este servizo, polo que **non habería gasto ningún no desenvolvemento dela nin de organización de medios**.

5.- Non é a primeira vez que solicitamos á DXX como **Administración competente** (as nosas peticións remóntanse ao ano 2017) que ofrezca formación para a preparación online dos distintos procesos selectivos, sen obter resposta e **quedando á marxe do asunto**.

SPJ-USO INSISTE E REITERA QUE A XUNTA DE GALICIA, dunha vez por todas, ofrezca unha preparación ONLINE aos funcionarios galegos semellante á ofrecida polo Ministerio de Xustiza e, por tanto,

SOLICITA:

PREPARACIÓN ONLINE DE OPOSICIÓN, A TRAVÉS DA PLATAFORMA EGAP, PARA OS FUNCIONARI@S DE XUSTIZA DE GALICIA.

Vigo, a 17 de marzo de 2021

JULIO BOUZA BOUZA (coordinador SPJ-USO GALICIA)

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Geni 655455702 - Roberto 617685531 – Goretti 690377101 **SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

FERROL: MANU 678514555 **LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226

PONTEVEDRA: Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

Email xeral para Galicia spjusogalicia@fep-uso.es

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>